

AELG lamenta que George Steiner desprece a lingua e a literatura galega

O intelectual ensalzou o catalán e minimizou o galego.

Jueves, 28 de agosto de 2008

VOTA

RESULTADOS DE 9 VOTOS

[Imprimir](#) [Enviar](#)

XORNAL.COM

.- A Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) lamenta profundamente as declaracíons de George Steiner a respecto do noso idioma e da nosa literatura. Din dende a Asociación que “Non podemos aceptar, nin pasar por alto, que unha persoa de probada valía intelectual, que no seu día recibiu o premio Príncipe de Asturias da Comunicación, manifeste un descoñecemento tan elevado da nosa literatura e non teña reparos en demostralo nunha entrevista, amosando un total desprezo polo que non coñece, facendo gala da súa ignorancia e demostrando unha nula gratitudade cos cidadáns do Estado que un día o premiou”.

Nunha entrevista publicada no diario *El País*, Steiner enxalzou o catalán fronte ao galego que considera inferior e criticou que teña presenza na universidade. “¡Pero non me compara o catalán co galego! O catalán é un idioma importante, cunha literatura impresionante. Mais o galego, por que ten que ser obrigatorio nunha universidade?”, afirmou.

A AELG quere pensar que “estamos ante un caso de descoñecemento temerario da nosa tradición literaria, e non ante un prexuízo, que non poderíamos entender nunha persoa desta traxectoria e que, no entanto, si é quen de entender a cuestión catalá”.

Por ello a AELG convida ao señor George Steiner “a visitar o noso país e coñecer a nosa lingua e a nosa cultura, manifestándolle que nos encantarán ilustralo sobre as antigas e fértiles orixes da lingua galega e da súa literatura, que transcendeu as fronteiras da Península, converténdose o noso legado literario medieval en modelo literario culto de referencia, e áinda hoxe é obxecto de

admiración e estudo en todos os países do mundo, como o demostra a producción editada nas diversas manifestacións de xéneros literarios, ora clásicos ora en proceso de reinterpretación, as traducións a múltiples linguas europeas, a súa presenza en congresos, seminarios, encontros e outros foros literarios canda representantes doutros sistemas literarios, os importantes premios e recoñecementos conseguidos polos escritores e escritoras en lingua galega, no panorama estatal e internacional, así como os milleiros de páxinas escritas, dentro e fóra do país, ao redor da reflexión teórica que a creación literaria en lingua galega provoca nos estudiosos e críticos”.

Para a AELG “esta é unha demostración palpábel da necesidade de impulsar as estruturas estábeis xa existentes e espalladas polo mundo, destinadas á promoción e ensino da lingua e da cultura galegas, así como crear outras novas que vinculen a identidade galega, e as súas diferentes manifestacións, cos centros internacionais de prestixio, á procura da necesaria internacionalización da nosa lingua e cultura desde presupostos claramente identificadores dunha terra con cultura milenaria e unha identidade propia”.